

MERCA E GAÑA

BASES DA PROMOCIÓN "MERCA E GAÑA" NO COMERCIO DO CONCELLO DE CULLEREDO

O Concello de Culleredo, dentro das campañas de dinamización local do comercio, vai realizar un sorteo de diversos premios aos que se pode acceder mediante un total de 100.000 papeletas "Merca e Gaña" que se repartirán entre os establecementos participantes. Cada establecemento repartirá un mínimo de 18 agasallos e recibirá 500 boletos.

A repartición de boletos aos clientes efectuaráse entre o 15 de marzo de 2023 e o 15 de abril de 2023 ou ata fin de existencias nos comercios e empresas participantes.

Será criterio do responsable do establecemento comercial decidir o número de boletos a entregar a cada cliente segundo o volume de compra e ata finalizar as existencias.

PREMIOS

1 Fin de semana para 2 persoas en reximen MP con acceso Spa para desfrutar ata o día 31/5/2023

1 Robot cociña Moulinex HF4SPR30

2 freidoras aire Princess 183029

1 tablet Lenovo TAB M10

2 Xiradiscos Nevir 804VBUE

1 Smartphone Xiaomi Redmi 10A

4 Smartwatch SPC

4 Earphones Style True Wireless

4 Altosfalantes UrbanBox Supernova

600 Baterias Powerbank 1200mAh

600 libretas Ecocard

800 llaveros Linterna Bimox

400 juegos Mikado

600 monederos Ralf

600 almohadillas viaje

BASES DA PROMOCIÓN "MERCA E GAÑA" NO COMERCIO DO CONCELLO DE CULLEREDO

No caso de atopar un dos premios especiais nun dos boletos, o interesado terá que chamar ao teléfono 606030827 onde lle indicarán cando dirixirse co boleto premiado á oficina do Concello (Promoción Económica), situada no CENTRO MUNICIPAL "PABLO PICASSO" C/ Antonio Machado, s/n. 15670. O Burgo-Culleredo. Teléfono: 981-664204, en horario de 10:00 a 14:00h. de luns a venres, onde o persoal da oficina ocuparase de xestionar a entrega do agasallo. En ningún caso os premios serán trocables polo seu valor en efectivo. Non se considerarán válidos os boletos premiados cando nos mesmos apréciense roturas, riscadas, emendas ou deterioracións, ou calquera outra alteración ou manipulación que impida ou dificulte a súa total e perfecta identificación e autenticación como boletos premiados.

Os/as gañadores/as dos PREMIOS ESPECIAIS terán que confirmar a aceptación do premio por escrito para poder recibilo mediante a firma dun documento que lles entregará o Concello de Culleredo. O premio dunha Fin de Semana no Augusta Spa Resort Sanxenxo estará suxeito a ingreso a conta do IRPF, que correrá a cargo do gañador.

CONDICIÓN XERAIS DA PROMOCIÓN:

Non poderán participar na promoción o titular, os empregados ou ascendentes/descendentes directos do titular do establecemento emisor do boleto. Si poderán participar nos emitidos por outros establecementos asociados.

Os premios só poderán ser entregados a maiores de idade. No caso de que algún premiado sexa menor de 18 anos a entrega realizarase aos seus titores legais, que deberán acreditar documentalmente a súa condición.

Os establecementos participantes estarán identificados cun cartel indicando a campaña. A data límite para reclamar o premio é o 15 de abril de 2023. Os concursantes poderán consultar as bases do presente sorteo durante o período no que estea vixente a promoción na páxina web www.culleredo.es/ . Os premiados autorizan ao Concello de Culleredo a utilizar publicamente o seu nome e imaxe en medios e en calquera soporte divulgativo relacionado coa Campaña "MERCA E GAÑA" do Concello de Culleredo. A participación na campaña implica a aceptación íntegra das bases.